



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléf.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: [adl@concellocarballedo.es](mailto:adl@concellocarballedo.es)

### DON JULIO MANUEL YEBRA-PIMENTEL BLANCO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

#### **“DECRETO.- RESULTADO FINAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SERRA DO FARO IV.-**

Vista a orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 97 do 23 de maio de 2018.

Visto o expediente relativo ao Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro IV” promovido polos Concellos de Carballedo e Chantada, no cal estaba contemplado a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea.

Vistas as bases do proceso de referencia, aprobadas por Decreto desta Alcaldía de data 04 de xullo de 2019. As amentadas bases establecían que “o prazo de presentación das solicitudes será de dez días naturais (10) contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte”.

Considerando que, conforme se establecía nas bases, o anuncio da convocatoria foi publicado no BOP de Lugo con data 09.07.2019. Tamén foron publicadas con data 09.07.2019 na páxina web do Concello de Carballedo, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado de Actualidade, as bases completas e os modelos de solicitude, xunto co anuncio publicado no BOP de Lugo.

Considerando que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 19 de xullo de 2019, e posto que non se presentaron solicitudes para participar na presente convocatoria por parte de ningunha entidade beneficiaria dos incentivos á contratación.

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o resultado final da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea para facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro IV, sendo o seguinte:

- ENTIDADES BENEFICIARIAS PRESENTADAS AO PROCESO: NINGUNHA.
- RESULTADO FINAL DO PROCESO DE REFERENCIA: DESERTO.

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación do presente acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo <http://www.concellocarballedo.es> no apartado de Actualidade.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aos efectos oportunos.

En Carballedo, a 24 de xullo de 2019.-

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

O alcalde, Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco

O secretario, Ramón Couso González